



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 17)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e quince minutos do día **sete de maio de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto e do Sr. Deputado don Pablo Rivera Capón, sendo desculpadas as ditas ausencias polo Presidente.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL SANITARIO, CONTROL LEITEIRO E MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E DOS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Visto o escrito do Servizo de Contratación e Fomento, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa para mellor estudo.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 "Parga (LU-P-2101) - Pedrafita - Santalla (LU-P-0804)", P.K. 0+000 a 3+200.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 "Parga (LU-P-2101) - Pedrafita - Santalla (LU-P-0804)", P.K. 0+000 a 3+200, consta no mesmo:

Proxecto de GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 "Parga (LU-P-2101) - Pedrafita - Santalla (LU-P-0804)", P.K. 0+000 a 3+200, con CSV: IV7GG6S5PBMCI9VZS3YNAMQQIE.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GG6PDH4NZL5J6UNEACVIEKY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7GG6PCN37L76FJ4BWR4A2OKY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7GG6S4FRE7Z6U2WVWA44TFKQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GG6RTOEVKVDROCF5CJTX74.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EUUICBRPOXCB6QZ554PTWAA.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EUUI4MDVSL5K2AFRJRBFY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 “Parga (LU-P-2101) – Pedrafita – Santalla (LU-P-0804)”, P.K. 0+000 a 3+200, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de cordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 63.680,70€, dos cales 11.052,02€ corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS ÁS PERSOAS MAIORES NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación de prestación ás persoas maiores no centro de atención a maiores de Meira, 2021/CON_02/000015, consta no mesmo:

Anuncio Previo publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 12 de marzo de 2021.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7HGQKCYEGKQS72SMOVOE2TAU¹

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7HGC3LZMULUTNPC7UNGYBQ6Y.

¹Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7HGG6HYM7ZCN64MNBAQXRIY.

Memoria xustificativa, elaborada pola Sección de Benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7EU375MFVMZCUNUF6WG5COOY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EUYCSFQZ5TT6TUE6AGIZWA4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EUYBJF5V55KF76UHG73TFJ4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EU6TZHIB7VVM5AL4U4DYRP4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación de prestacións ás persoas maiores no centro de atención a maiores de Meira, cunha duración ata o día 20 de xuño de 2022.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei;

considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 599.516,12 €, mais 23.980,64 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (4% IVE), o que fai un total de 623.496,76 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACION	IMPORTE	A
2021	2315.22799	331.969,21	92021/3497
2022	2315.22799	291.527,55	920219/107
	SUMA	623.496,76	

Existe consignación na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 331.969,21 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.



Cúmpanse os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras” nas anualidades 2020 e 2021, (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítense o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 95.000,00€ a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 47.500,00€

Ano 2021: 47.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 95.000,00€, que se desagrega en 47.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, e para a anualidade 2021 por importe de 47.500,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 18 de decembro de 2020.



A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 18 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia”.

A addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 30 de decembro de 2020.

O representante da Fundación Xosé Soto de Fión remitiu, o 28 de abril de 2021, ao Servizo de Contratación e fomento escrito no que solicita o seguinte:

“A Fundación Xosé Soto de Fión é beneficiaria dunha subvención directa de carácter excepcional para o proxecto “Obras y mejora del Castillo de Doiras” aprobada en Xunta de Goberno o 18 de decembro de 2020. Conta con todos os permisos sectoriais pertinentes para executar dito proxecto a excepción da licenzia de obras municipal que se negan a dala ata que non esté aprobado pola consellería de Medio Rural o deslinde de Montes Veciñais en Man Común; dito procedemento xa foi presentado nos rexistros da Xunta polo que estamos agardando a que se resolva e poder obter así a licenzia de obras para a execución do devandito proxecto. Tendo en conta que non se comezaron as obras

Solicita: Unha modificación nos prazos de execución e xustificación relativos ás dúas anualidades:

2020: execución os realizados na anualidade 2020 e ata 30 de outubro de 2021.
Xustificación o 15 de novembro de 2021.

2021: execución os realizados na anualidade do 2021 e ata o 30 de outubro de 2022. Xustificación 15 de novembro de 2022”.

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 18 de decembro de 2020 e cuxa adenda foi formalizada o 30 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 15 de novembro de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2020, e o día 15 de novembro de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

“Gastos subvencionables.



Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do seguintes períodos:

Ano 2020: Os realizados dentro do ano 2020 e ata o 30 de outubro de 2021.

Ano 2021: Os realizados dende o 1 de novembro de 2021 ata o 30 de outubro de 2022

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro dos períodos correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

(...)"

Consideracións xurídico- administrativas

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021, e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones



Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta da segunda addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a a mesma.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 18 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO ADSCRITO AO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Eduardo Barreiro Rodríguez, Porteiro do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 20 de maio de 2021 que terá recoñecidos 33 anos, 8 meses e 20 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 20 de maio de 2021, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideración de Dereito

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.



A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta D. Eduardo Barreiro Rodríguez terá acreditado, á data do 20 de maio de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. Eduardo Barreiro Rodríguez, con efectividade do día 20 de maio de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO ADSCRITO AO SERVIZO DE ARQUIVO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Ángel Trabada Gómez, Coordinador Obras de Cooperación do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 31 de maio de 2021 que terá recoñecidos 37 anos, 4 meses e 16 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 31 de maio de 2021, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideración de Dereito

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.



Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta D. Ángel Trabada Gómez terá acreditado, á data do 31 de maio de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. Ángel Trabada Gómez, con efectividade do día 31 de maio de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA FEITA POLA ASESORÍA XURÍDICA DE CUMPRIMENTO DA SENTENZA DITADA NO P.A. 18/2020 NA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE FEBREIRO DE 2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2021 acordou dar cumprimento á proposta formulada por esta Asesoría Xurídica de dar cumprimento á Sentenza nº175/2020, de 18 de novembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 18/2020.

Visto que se detectou un erro na devandita proposta, e que a cantidade que figura en concepto de xuros, segundo o informe da Tesouraría Provincial, é incorrecta, á Xunta de Goberno propónse a corrección do devandito erro e adopte o seguinte acordo:

A rectificación do erro material existente no acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 12 de febreiro de 2021 en relación co cumprimento da dita Sentenza, é dicir, onde di “e 86,89 euros en concepto de xuros legais...” debe dicir “e 83,89 euros en concepto de xuros legais”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 29/04/2021 RELATIVA AO INVESTIMENTO DO PLAN ÚNICO 2020.

Dáse conta da Resolución adoptada pola Presidencia, en data 29/04/2021, relativa a aprobación da modificación da memoria valorada do investimento nº 327, incluído polo Concello de Xermade no Plan Único 2020, e que a fin de no causar un prexuízo á entidade solicitante, xa que lle remataba o prazo de adxudicación de dito investimento o 30/04/2021, o cal non se podía facer



sen antes modificar a memoria, avocouse a competencia da Xunta de Goberno, por razóns de urxencia, eficacia e celeridade administrativa. A Xunta de Goberno queda enterada.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primería.- *Sentenza 45/2021.*

Dase conta da sentenza nº 45/2021 de 8 de marzo de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no procedemento abreviado 244/2020 A, seguido a instancia de D. Jesús López Ferreiro fronte á Deputación de Lugo en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Jesús López Ferreiro frente a la Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 244/2020, con intervención de “MAPFRE ESPAÑA, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.” contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara conforme al ordenamiento jurídico. Sin expresa imposición de costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segunda.- *Sentenza 79/2021.*

Dase conta da sentenza nº 79/2021 de 29 de marzo de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no procedemento abreviado 436/2019 S, seguido a instancia da mercantil Álvaro Rodríguez Eiras, S.L. fronte á Deputación de Lugo en materia de liquidación do IBI, e en cuxo fallo di o seguinte: *“1.- Desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Procuradora Sra. Moreiras Iglesias, en la representación indicada, contra el acto administraivo que se ha descrito en el FD primeiro de esta sentencia, que es acorde con el ordenamiento jurídico. 2.- Con imposición de costas a la demandante con el límite de 300 euros. 3.- Notifíquese esta sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer recurso ordinario.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceira.- Sentenza 518/2020.

Dase conta da sentenza nº 518/2020 de 27 de novembro, ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo, no procedemento abreviado 505/2019, seguido a instancia de D^a. Vanesa Mariño Arias fronte á Deputación de Lugo e á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA) en materia de recoñecemento de dereito, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo parcialmente la demanda interpuesta por Dña. Vanesa Mariño Arias contra la Diputación Provincial de Lugo y debo declarar y declaro la condición de indefinida no fija de la trabajadora desde 7 de mayo de 2015 con todos los efectos legales inherentes”*.

Posteriormente o dito Xulgado en data 1 de febreiro de 2021 ditou Auto de aclaración da mencionada Sentenza en cuxa parte dispositiva sinala que *“Procede aclarar la sentencia dictada el 27 de noviembre de 2020, el párrafo tercero del fundamento de derecho tercero quedará redactado del siguiente modo: De la declaración de hechos probados resulta que la actora fue contratada el 7 de septiembre de 2015 por la entidad SUPLUSA y subrogada por la Diputación Provincial de Lugo el 25 de abril de 2019, cuando ya se había superado el plazo máximo de 3 años de duración que se había establecido en el propio contrato (folio 157). Al haberse subrogado la Diputación Provincial de Lugo en la posición jurídica de SUPLUSA, al haberse vulnerado los plazos máximos establecidos legalmente para la contratación temporal procede declarar que la relación jurídica que une a la actora con su empleadora es de carácter indefinido de conformidad con lo establecido en el artículo 15.3 del ET. Y la parte dispositiva: “Que debo estimar y estimo parcialmente la demanda interpuesta por Dña. Vanesa Mariño Arias contra la Diputación Provincial de Lugo y debo declarar y declaro la condición de indefinida no fija de la trabajadora desde 7 de septiembre de 2015 con todos los efectos legales inherentes.”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.